

Excmo. Sr.:

A Xefatura Provincial de Montes e Industrias Forestais de Lugo, informa o seguinte:

1º.- Que o 18 de febreiro de 1956 foi aprobado o Consorcio que para o monte "VAL OSCURO", LU-3060, como pertencente os pobos de Cerredo, Libre, Son, Casas do Río, Robledo de Son e Peñamil, suscribían o Concello de Navia de Suarna e o Patrimonio Forestal do Estado.

2º.- Que o 29 de xuño de 1987, o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común tomou o Acordo de clasificar como tal o denominado "DE ROBLEDO", pertencente á Comunidade integrada polos veciños do lugar de Robledo de Son, parroquia de Son, termo municipal de Navia de Suarna. Publicado dito Acordo no B.O. da provincia, nº 172, do xoves 30 de xullo do mesmo ano, non se presentou nin interpuxo recurso ningún contra el polo que é firme.

3º.- Que o 12 do marzo a Xunta Rectora da citada Comunidade, conforme co acordado por esta reunida en Asemblea Xeral celebrada o mesmo día, acordou a súa vez:

- aprobar as Bases dun Convenio a subscribir coa Consellería de Medio Ambiente, que afectase a 137 Hás. do monte da súa pertenza, nas que se inclúsen as 105 Hás. consorciadas como monte "VAL OSCURO", LU-3060 e 32 Hás., rasas na actualidade que aportaban de novo,

- solicitar da Consellería que o Convenio, na parte que lle afecta, anulase e substituíse o consorcio do monte "VAL OSCURO", LU-3060 e

- autorizar ó seu Presidente para a sinatura do Convenio.

4º.- Que o Convenio ten por obxecto a incorporación do voo e obras auxiliares creadas ó abeiro do Consorcio, a repoboación forestal dos terreos rasos que se aportan, a conservación e tratamento selvícola das masas que se creen, o seu aproveitamento e a execución das obras e traballos complementarios e auxiliares concordantes con tales fins.

5º.- Que en consecuencia, o novo monte "DE ROBLEDO", queda constituido por:

105 Hás. do monte "VAL OSCURO", LU-3060, e
32 Hás., rasas, sen consorciar.

6º.- Que as superficies do monte "VAL OSCURO", LU-3060, eran:

superficie total:	184 Hás.
superficie repoboadada:	178 "
superficie inforestal:	6 "

Como ós montes que se indican, pasaron as seguintes superficies:

Monte	Superficie Total	Superficie repoboadada	Superficie inforestal
"MONTES DE PEÑAMIL"			
2715831.....	9 Has.	9 Hás.	-
"MONTE DE CASAS DO RIO",			
2715862	41 "	40 "	1 Hás.
Total	50 Hás.	49 Hás.	1 Hás.

as actuais son:

superficie total:	134 Hás.
superficie repoboada:	129 "
superficie inforestal:	5 "

O monte "DE ROBLEDOS", pasan:

superficie total:.....	105 Hás.
superficie repoboada:	101 "
superficie inforestal.....	4 "

E como a Comunidade aporta de novo:

superficie total:	32 Hás.
superficie rasa forestal:...	32 "

as actuais do monte do Convenio que se propón, son:

superficie total:	137 Hás.
superficie repoboada:	101 "
superficie rasa forestal: ...	32 "
superficie inforestal:.....	4 "

7º.- Gastos por traballos e ingresos do monte "VAL OSCURO", LU-3060.

a) Gastos por traballos:

o 31-12-1997:	19.469.152,-Ptas.
pasados m/"MONTES DE PEÑAMIL", 2715831...	616.059,- "
pasados m/"MONTES DE CASAS DO RIO", 2715862	2.738.040,- "
saldo actual:	16.115.053,- "

o 31-12-1987, ano en que se clasificou
como en man común o monte da Comunidade
de Robledo de Son.

10.640.544,-Ptas.

A ter en conta de acordo coa Disposición Adicional
Segunda da Lei de Galicia 13/89, do 10 de outubro:

101 x 16.115.053,-Ptas. -101 x 10.640.544,-Ptas.6.579.600.-Pts

b) Ingresos:

o 31-12-1997:	811.564,-Ptas.
pasados m/"MONTES DE PEÑAMIL", 2715831...	41.034,- "
pasados m/"MONTE DE CASAS DO RIO", 2715862	182.374,- "
saldo actual:	588.156,- "

8°.- E que os gastos que por traballos, administración e gardería, así como os ingresos, que das contas do Consorcio do monte "VAL OSCURO", LU-3060, pasan o Convenio que se propón, son:

a) GASTOS:

traballos:	6.579.600,-Ptas.
administración: <u>7,85</u> x 6.579.600,-Ptas..	516.499,- "
100	
gardería: 101 Hás. x 1.560,-Ptas./Há. ..	<u>157.560,- "</u>
<u>TOTAL GASTOS.....</u>	<u>7.253.659,- Ptas.</u>

b) INGRESOS:

<u>101 Hás.</u> x 588.156.-Ptas.	<u>460.494,-Ptas.</u>
129 Hás.	
<u>TOTAL INGRESOS.</u>	<u>460.494,-Ptas.</u>

9°.- E que a conta do Convenio do monte "DE ROBLEDO", se abre cun saldo de:

7.253.659,- pesetas - 460.494,- pesetas	6.793.165,- Pts.
	=====

Á vista de todo isto, propoñemos a V.E.:

1°.- Que se aprobe o Convenio das seguintes características:

Nome: "DE ROBLEDOS".
Elenco: 2715884.
Superficie: 137 Hás.
Termo municipal: Navia de Suarna.
Pertenza: Comunidade de Robledo de Son.
A contabilizar como subvención: 50%.
A contabilizar como anticipo: 50%.
Xuro/anticipo: 1%.
Participación Comunidade no voo: 70%.
Participación Concellería no voo: 30%.

2º.- Que a conta do Convenio do monte "DE ROBLEDOS", 2715884, se abra cun saldo de 6.793.165,- pesetas, sen prexuízo dos gastos e ingresos que puideran ter as contas do Consorcio do monte "VAL OSCURO", LU-3060, con posterioridade a data do seu peche.

3º.- Que o Consorcio do monte LU-3060, teña no futuro as seguintes características:

Nome: "VAL OSCURO".
Elenco: LU-3060.
Superficie: 29 Hás.
Pertenza: Pobo de Libre e outros.
Termo municipal: Navia de Suarna.

4º.- Que por ter pasado á conta do Convenio do monte "DE ROBLEDOS", 2715884, das contas do Consorcio do monte "VAL OSCURO", LU-3060, se resten a seguintes cantidades:

gastos: 101 Hás. x 16.115.053,- Ptas.12.617.212,- Ptas.
129 Hás.

ingresos: 101 Hás. x 588.156,- Ptas. 460.494,-
Ptas.

129 Hás.

Non obstante V.E. resolverá.

Santiago de Compostela, 29 de abril de 1998.


O SUBDIRECTOR XERAL DE MONTES E
INDUSTRIAS FORESTAIS,



Asdo.: Plácido Baamonde López.

V°.B°.

O DIRECTOR XERAL,



Asdo.: Tomás Fernández-Couto Juanas.

EXCMO. SR. CONSELLEIRO DE MEDIO AMBIENTE.

Visto o expediente de firma dun Convenio entre a Consellería de Medio Ambiente e a Comunidade Veciñal de Montes de Robledo do Son, propietaria do Monte Veciñal en Man Común "DE ROBLEDOS" integrado por 105 Has. consorciadas como Monte Val Oscuro LU-3060 e 32 Has. rasas aportadas de novo, que suman un total de 137 Has. e a vista dos informes favorables, emitidos pola Subdirección Xeral de Montes e Industrias Forestais e polo Servicio de Montes de Lugo, esta Sección Xurídica entende que procede a aprobación do devandito convenio nos termos propostos, por axustarse ó previsto na Lei 5/1977, do Fomento da Producción Forestal, ó Real Decreto 1279/78, que aproba o seu Regulamento, e ó Decreto 69/84, polo que se deixa sen aplicación, no ámbito da Comunidade Autónoma, o artigo 57 do devandito Real Decreto, así como á Lei 13/89, de Montes Veciñais en Man Común e ó Decreto 260/92, que aproba o seu Regulamento.

Santiago de Compostela, 4 de maio de 1998.

A XEFA DA SECCIÓN XURÍDICA,

A handwritten signature in blue ink, appearing to read 'J. T. Rocha', written over a horizontal line.

Asdo.: M^a José Tato Rocha.

ILMO. SR. DIRECTOR XERAL DE MONTES E MEDIO AMBIENTE
NATURAL.-

Vista a proposta formulada pola Dirección Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural, e logo dos informes favorables emitidos pola Sección Xurídica e pola Xefatura Provincial de Montes e Industrias Forestais de Lugo.

R E S O L V O

1º.- Que se aprobe o Convenio das seguintes características:

Nome de monte: "DE ROBLEDO".

Elenco: 2715884.

Superficie: 137 Hás.

Pertenza: Comunidade de Robledo de Son.

Termo municipal: Navia de Suarna.

A contabilizar como subvención: 50%.

A contabilizar como anticipo: 50%.

Xuro/anticipo: 1%.

Participación da Comunidade no voo creado: 70%.

Participación da Consellería no voo creado: 30%.

2º.- Que a conta do Convenio do monte "DE ROBLEDO" 2715884, se abra cun saldo de 6.793.165,- pesetas, sen prexuízo dos gastos e ingresos que puideran ter as contas do Consorcio do monte "VAL OSCURO", LU-3060, con posterioridade a data do seu peche.

3.- Que o Consorcio do monte LU-3060, teña no futuro as seguintes características:

Nome: "VAL OSCURO".

Elenco: LU-3060

Superficie: 29 Hás.

Pertenza: Pobo de Libre e outros.

Termo municipal: Navia de Suarna.

4°.- Que por ter pasado a conta do Convenio do monte "DE ROBLEDO", 2715884, das contas do Consorcio do monte "VAL OSCURO", LU-3060, se resten as seguintes cantidades:

gastos: 101 Hás. x 16.115.053,- Ptas. 12.617.212,- Ptas.
129 Hás.

ingresos: 101 Hás. x 588.156,- Ptas. 460.494,- "
129 Hás.

Santiago de Compostela, 4 de maio de 1998.

O CONSELLEIRO,

P/O 12/1/98

O SECRETARIO XERAL



Aso.: José Luis Aboal Garcia-Tuñon.

ILMO. SR. DIRECTOR XERAL DE MONTES E MEDIO AMBIENTE NATURAL.-

C O N V E N I O

N.º	271	5884
-----	-----	------

En Santiago de Compostela, a de de mil novecentos noventa e

R E U N I D O S

Dunha banda, D. CARLOS DEL ALAMO JIMENEZ, Conselleiro de Medio Ambiente, en virtude da representación que legalmente ostenta.

Da outra, D. JOSE MARIA FERNANDEZ FERNANDEZ como representante da comunidade propietaria do monte veciñal en man común "DE ROBLEDO", segundo se acredita neste mesmo documento.

Ámbalas dúas partes recoñécense capacidade suficiente para asina-lo presente convenio.

E X P O Ñ E N

O artigo 27.10 do Estatuto de Autonomía para Galicia establece a competencia exclusiva da Comunidade Autónoma en materia de montes e aproveitamentos forestais, sen prexuízo do disposto no artigo 149.1.23 da Constitución.

O abeiro destas disposicións promulgáronse os Reais Decretos 167/81, 1234/83 e 1535/84, de traspaso de funcións e servicios á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de conservación da natureza.

Este convenio establécese ó abeiro do previsto na Lei 5/77, do 4 de xaneiro, sobre fomento da produción forestal, desenvolvida polo Real Decreto 1279178, do 2 de maio, que aproba o seu regulamento, e modificado polo Decreto 69184, de 23 de marzo da Xunta de Galicia.

Este convenio rexeráse polas cláusulas que a continuación se consignan:

1ª.- O convenio ten por obxecto:

a) A modificación das condicións establecidas nos Consorcios subscritos con datas do 18 de Febreiro de 1.956 para a repoboación dos terreos que se describen na cláusula 2.ª, quedando anulado este Consorcio na parte afectada polo presente convenio.

b) A incorporación a este novo contrato do voo e obras auxiliares creadas ó abeiro do Consorcio anterior.

c) A repoboación forestal dos terreos aínda susceptibles dela que se describen na cláusula segunda, a conservación e tratamento silvícola das masas que se creen, e o seu aproveitamento, ademais dos traballos de melloras do monte.

d) A conservación, tratamento silvícola e aproveitamento do arborado preexistente e independente do Consorcio anterior, que continuará pertencendo á entidade propietaria (rísquese, de non existir).

e) As obras e traballos complementarios e auxiliares concordantes cos anteriores fins.

2ª.- Os terreos afectados polo presente Convenio pertencen a Comunidade integrada polos veciños do lugar de Robledo de Son, parroquia de Son, termo municipal de Navia de Suarna

e son os que a continuación se describen:

Denominación: "DE ROBLEDO"

Termo municipal: Navia de Suarna

Provincia: LUGO

Situación administrativa e legal. Monte en man común, pertencente a Comunidade integrada polos veciños do lugar de Robledo de Son, parroquia de Son, termo municipal de Navia de Suarna.

Límites:

N.: PARCELA I.- Propiedades particulares e monte "MONTES DE PENAMIL", 2715831;

L.- Propiedades particulares, mais monte da Comunidade de Robledo de Son e monte da Comunidade de Arcón; S.- Propiedades particulares e monte "MONTES DE CASAS DO RIO", 2715862 e O.- Termo municipal de Cervantes, propiedades particulares e monte "MONTES DE PENAMIL", 2715831.

L.: PARCELA II.- N.- Mais monte da Comunidade de Robledo de Son; L.- Propiedades particulares; S.- Monte da Comunidade de Arcón e O.- Mais monte da Comunidade de Robledo de Son.

Superficie: 137 (CENTO TRINTA E SEITE) Hás.

Estado forestal: 101 (CENTO UNHA) Hás. repoboadas, 32 (TRINTA E DUAS) Hás. rasas forestais e 4 (CATRO) Hás. inforestais.

Con arborado pertencente á comunidade propietaria do chan: - - -

Con voo creado procedente da repoboación realizada en virtude do consorcio anterior, que se converte e anula: 101 (CENTO UNHA) Hás.

Sen vexetación arbórea: ~~seventyones~~ 36 (TRINTA E SEIS) Hás.

3ª.- O chan continuará pertencendo a Comunidade integrada polos veciños do lugar de Robledo de Son, parroquia de Son, termo municipal de Navia de Suarna

que achega ó convenio:

- A súa participación no voo creado en virtude do consorcio sinalado.
- Os terreos descritos na cláusula segunda.
- O arborado da súa pertenza existente nestes terreos (rísquese se non existise).

4ª.- A Consellería de Medio Ambiente aporta ó convenio a súa participación no voo creado en virtude do anterior consorcio e as cantidades necesarias para cubri-los gastos a que dará lugar a súa execución.

Na correspondente conta de gastos, o cincoenta por cento contabilizarase en concepto de subvención; o restante cincoenta por cento, como anticipo reintegrable, ó interese do un por cento anual.

5ª.- Como primeira partida da conta do convenio consignarase o saldo acreedor resultante de actualiza-las contas de gastos e ingresos dos consorcios anteriores, que quedarán total ou parcialmente extinguidos. Este saldo, que será a diferenza entre a suma das partidas de gastos sufragados pola Consellería de Medio Ambiente, e os ingresos desta considerarase anticipo e, a partir del, aplicaráselle á nova conta o réxime previsto de subvencións e anticipos.

A relación de consorcios a converter é como segue: 105 Hás. do monte "VAL OSCURO", LU-3060.

6ª.- As propostas ou proxectos necesarios para o desenvolvemento das finalidades consignadas serán aprobadas pola Consellería de Medio Ambiente.

7ª.- Dos ingresos obtidos en cada aproveitamento do arborado creado durante a vixencia do convenio, e do incorporado a el, segundo a cláusula 1.ª, apartado b), o trinta por cento será para a Consellería de Medio Ambiente, e o setenta por cento restante, para a comunidade propietaria do terreo.

Dos ingresos obtidos en cada aproveitamento do arborado preexistente no monte e, daquela, pertencente ós propietarios do chan, a Consellería de Medio Ambiente recibirá o - por cento, e a comunidade propietaria, o - por cento restante.

Se, como consecuencia da execución de un aproveitamento, a participación da Consellería de Medio Ambiente excedese do saldo acredor existente nese momento, en concepto do anticipo reintegrable segundo a cláusula cuarta, entregárase o exceso a comunidade propietaria.

Os ingresos obtidos dos restantes aproveitamentos, que se realizarán previa conformidade da comunidade propietaria, e que estarán subordinadas en canto á súa localización, época e contía, ás necesidades da repoboación e conservación do voo, corresponderán ó titular do chan.

8ª.- En caso de incendio, a Consellería de Medio Ambiente procederá ó aproveitamento do voo existente no terreo sinistrado, distribuindo o importe que se obteña, de acordo coas normas establecidas no convenio, e á restauración da masa arbórea nas mesmas condicións económicas que se estipulan para o resto dos traballos.

9ª.- o presente convenio, para o seu pleno funcionamento e eficacia a tódolos efectos como título auténtico, deberá ser subscrito pola comunidade propietaria do chan e pola Consellería de Medio Ambiente, figurando no mesmo certificación do acordo da Xunta de Comunidade co «quorum» regulamentario, no que se designe a persoa autorizada a efectos da signatura do Convenio.

Ata que teña lugar a devolución do anticipo, a Consellería de Medio Ambiente asumirá a posesión do voo, establecéndose un dereito real de garantía sobre este que, sen máis requisitos có contrato administrativo, será inscribible no Rexistro da Propiedade.

10ª.- A duración deste convenio será por un período de trinta e cinco anos.

Transcorrido este tempo, e se a Consellería de Medio Ambiente, coa súa participación en beneficios que se consigna no primeiro parágrafo da cláusula sétima, cubrise o seu saldo acredor, en concepto de anticipo reintegrable segundo a cláusula cuarta, quedará automaticamente extinguido o convenio, reintegrándose o chan e as existencias que subenténdase á plena posesión do seu titular.

En caso contrario, prorrogárase o convenio automaticamente ata que o resarcimento teña lugar.

Caso de que o saldo acredor da Consellería de Medio Ambiente se cubrise antes de que transcorra o prazo de duración do convenio, considerárase este tácitamente renovado, de non existir manifestación expresa dalguna das partes.

En calquera momento poderá cancelarse o convenio, previo aboamento á Consellería de Medio Ambiente do saldo pendente.

A extinción do convenio leva consigo que a totalidade do voo existente pase ó titular da propiedade do chan, con exención do Imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados.

11ª.- Tódalas melloras realizadas no monte, tales como camiños, construcións, etc., quedarán a beneficio do titular do chan ó se extingui-lo convenio; sen embargo, os camiños, puntos de auga e casetas de vixilancia contra incendios forestais, quedarán gravados cunha servidume de uso a favor da Consellería de Medio Ambiente, se esta o precisar.

12ª.- A especie a utilizar para a repoboación forestal obxecto deste convenio será P. pinaster nas zoas rasas na actualidade.

13ª.- O convenio terá carácter administrativo, e a Consellería de Medio Ambiente interpretará e resolverá todas as cuestións que se susciten, derivadas do seu cumprimento.

Contra do presente convenio poderá interpoñerse recurso contencioso administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous (2) meses.

Don JESÚS NÚÑEZ FERNÁNDEZ EN FUNCIONS DE , encargado da sección provincial do Rexistro Xeral de Montes Veciñais en Man Común.

CERTIFICO:

1.—Que entre os antecedentes que obran en poder deste rexistro figura copia dos estatutos da comunidade propietaria do monte veciñal en man común " ROBLEDO ", veciños do lugar de Robledo, parroquia de Son, concello de NAVIA DE SUARNA - Rexistrados o 17-03-1998 co número 0613.

2.—Que, así mesmo, figura Don JOSÉ MARÍA FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, e Don ENRIQUE FERNÁNDEZ LÓPEZ, como presidente e secretario, respectivamente, da xunta rectora, ~~reitor~~ elixida o 12-03-1998

E para que conste, expido a presente certificación en Lugo a 20 de marzo de 1998.



Don ENRIQUE FERNANDEZ LOPEZ, Secretario de Comunidade de Robledo de Son, termo municipal de Navia de Suarna.

CERTIFICO: Que as cláusulas que anteceden foron aprobadas por esta comunidade, cumpríndose o requisito do quorum, en sesión celebrada o día 12 de Marzo de 1.998 estando designado Don JOSE MARIA FERNANDEZ FERNANDEZ, Presidente representante dela para efectos da firma do convenio.

E para que conste, expido a presente certificación en Robledo de Son a doce de Marzo de mil novecientos noventa e oito.

O SECRETARIO,

Visto e praxe,

PRESIDENTE,

Asdo.: José María Fernández Fernández.

Asdo.: Enrique Fernández López.

Don TOMÁS FERNÁNDEZ-COUTO JUANAS, Director Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural da Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia, dá a súa conformidade ás bases do presente convenio, e propón a súa sinatura.

Pola propiedade,

Asdº.: José María Fernández Fernández.

Pola Consellería de Medio Ambiente,
O CONSELLEIRO
P/O do 12/01/98 O SECRETARIO XERAL,



Asdo.: José Luis Aboal García-Tuñón.

José María Fernández Fernández.

Manuel Pérez González.

Enrique Fernández López.

En el lugar de Robledo de Son, parroquia de Son, término municipal de Navia de Suarna, siendo las catorce horas del día 12 de Marzo de 1.998, se reúnen los vecinos que integran la Junta Rectora de la Comunidad de Robledo de Son, cuya relación figura al margen.

Conforme con lo acordado por la Comunidad en Asamblea General celebrada en el día de hoy, por unanimidad, acuerdan a su vez:

1º.- Aprobar las Bases de un Convenio a suscribir con la Consellería de Medio Ambiente, que afecte a 137 Hás. del monte en mano común de su pertenencia, que incluyen a 105 Hás. consorciadas como monte "VAL OSCURO", por el Ayuntamiento de Navia de Suarna con el Patrimonio Forestal del Estado y a 32 Hás., rasas en la actualidad, que aportan de nuevo, con lo que las características del monte cuyo Convenio se propone, serán:

Nombre: "DE ROBLEDO".

Superficie: 137 Hás.

Límites:

PARCELA I.-

N.- Propiedades particulares y monte "MONTES DE PENAMIL";

E.- Propiedades particulares, más monte de la Comunidad de Robledo de Son y monte de la Comunidad de Arcón;

S.- Propiedades particulares y monte "MONTES DE CASAS DO RIO" y

O.- Término municipal de Cervantes, propiedades particulares y monte "MONTES DE PENAMIL".

PARCELA II.-

N.- Más monte de la Comunidad de Robledo de Son;

E.- Propiedades particulares;

S.- Monte de la Comunidad de Arcón y

O.- Más monte de la Comunidad de Robledo de Son.

2º.- Solicitar de la Consellería que el Convenio, en la parte que le afecta, anule y sustituya al Consorcio del monte "VAL OSCURO".

3º.- Autorizar a su Presidente para la firma del Convenio.

Y no habiendo mas asuntos que tratar, se cierra el Acta en el lugar y fecha al principio indicados, firmando de conformidad.

